

Os aproveitamentos enerxéticos nos montes galegos deben contribuir á súa capitalización



Aproveitamento da biomasa forestal primaria con fins enerxéticos

II. Organización dos propietarios do recurso




Oficina en Xinzo-Ponteareas
Centro Cultural de Xinzo
36891 PONTEAREAS
Tel. e Fax: 986 660 864
afgxinzo@iies.es

Oficina en As Pontes
Avda. de Ortiñeira, nº 49, Ba
15320 AS PONTES
Tel. e Fax: 981 440 537
afgpontes@iies.es

www.asociacionforestal.org

Sede Central
Rúa do Villar, nº 33, 1º
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 981 564 011
Fax: 981 563 379
asforgal@iies.es



Aproveitamento da biomasa forestal primaria con fins enerxéticos

II. Organización dos propietarios do recurso

Ata hai pouco tempo, a biomasa forestal primaria era considerada un residuo forestal do que o propietario forestal se tiña que desfacer, e incluso moitas veces pagar para facelo a fin de diminuír o risco de incendio da súa propiedade e das propiedades veciñas. Coa aparición de mercados de aproveitamento da biomasa forestal con fins enerxéticos, a biomasa forestal deixa de ser considerada un residuo, pasando a constituír un novo recurso forestal capaz de mellorar a rendibilidade dos montes e de contribuír á súa xestión sostible. Non obstante, para que isto sexa posible, é preciso que se dinamice o mercado da biomasa forestal con fins enerxéticos e que o propietario forestal teña unha participación activa no proceso deste aproveitamento.



Beneficios para os propietarios do aproveitamento da biomasa forestal primaria

Ademais das vantaxes do emprego dunha fonte de enerxía renovable, o emprego enerxético da biomasa forestal primaria ten outras vantaxes para o propietario forestal:

- Representa unha nova fonte de rendas
- Diminúe o risco de incendios e pragas
- Incrementa o abano de prezos para os produtores forestais
- Posibilita a participación en iniciativas empresariais
- Asegúrase o consumo da biomasa que producen os montes

Organización dos propietarios forestais

Para que o mercado da biomasa forestal primaria se desenvolva plenamente, debe xerar un beneficio empresarial que lles permita aos produtores organizarse, de forma que estes garantan un subministro estable e continuo aos centros consumidores de biomasa. Para isto téñense que dar as condicións favorables para que os propietarios forestais poidan actuar activamente no mercado. As asociacións de propietarios forestais e as súas organizacións son os axentes mellor situados no territorio para chegar a acordos cos operadores e coa industria de transformación enerxética.

Adaptación da silvicultura ó aproveitamento da biomasa

Para que os silvicultores poidan aumentar as súas rendas coa biomasa forestal primaria, é necesario que se realicen adaptacións na silvicultura que se practica actualmente.

Proximidade dos centros de consumo de biomasa ao monte

Para conseguir unha maior eficiencia enerxética é necesario reducir os desprazamentos para o transporte da biomasa ata as centrais e outros centros consumidores. Estes deben ser instalados o máis preto posible dos lugares de orixe da biomasa forestal primaria, ou o que é o mesmo, do monte. Desta forma diminúen as emisións de CO₂ e os custos de transporte. O beneficio económico derivado da diminución dos custos de transporte pode así reverter nos propietarios sen aumentar o prezo de compra da biomasa polos centros consumidores.

Participación dos propietarios forestais no desenvolvemento da biomasa forestal primaria

A participación empresarial dos propietarios posibilita que haxa unha oportunidade para que estes adquiren mellores beneficios económicos, de forma que poidan cubrir o seu custo de explotación e reinvestir nos montes.